- \* Titor/a académico/a da Facultade
- \* Titor/a externo/a 1
- \* Horas titorizadas 1
- Titor/a externo/a 2
- Horas titorizadas 2
- Titor/a externo/a 3
- Horas titorizadas 3
- \* Nome da institución onde se fixo o practicum
- \* CIF ou NIF da empresa
- \* Enderezo postal da institución  
FORMATO: Rúa, nº, piso. Localidade.  
Código postal. (Provincia)
- \* Correo electrónico

#### CARACTERÍSTICAS DA PRÁCTICA

- Prácticas curriculares
- Modalidade: presencial
- Curso: 2023/2024
- Duración total: 500 horas, correspondentes aos 48 créditos ECTS desta materia obrigatoria do plano de estudos vixente, que se distribúen do seguinte xeito: 42 créditos ECTS do prácticum xeral e 6 créditos ECTS da Mención
- Período de realización: 11 de setembro ao 27 de xaneiro (1º cuadrimestre)  
29 de xaneiro ao 07 de xuño (2º cuadrimestre)

#### Obxectivos educativos

- Adquirir un coñecemento práctico da aula e da xestión da mesma.
- Coñecer e aplicar os procesos de interacción e comunicación na aula, así como dominar as destrezas e habilidades sociais necesarias para fomentar un clima que facilite a aprendizaxe e a convivencia.
- Controlar e facer o seguimento do proceso educativo e, en particular de ensinanza aprendizaxe, mediante o dominio de técnicas e estratexias necesarias.
- Relacionar teoría e práctica coa realidade da aula e do centro.
- Participar na actividade docente e aprender a saber facer, actuando e reflexionando, dende a práctica.
- Participar nas propostas de mellora nos distintos ámbitos de actuación que se poda establecer nun centro.

- Coñecer formas de colaboración cos distintos sectores da comunidade educativa e do entorno social.

#### Funcións a desenvolver

- Participación no proceso de ensinanza e aprendizaxe da aula (xeneralista e de especialidade se é o caso).
- Participación en reunións docentes.
- Observacións e análise do contexto do centro e da aula.
- Deseño de actividades e/ou recursos.
- Posta en práctica supervisada de actividades e/ou unidades didácticas.
- Elaboración da Memoria do Prácticum, respectando o disposto na Lei Orgánica 15/ 1999, de 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal.

## INFORMACIÓN

### Información básica sobre a protección dos seus datos

Responsable: Universidade de Vigo.

Finalidade: Emitir certificación do prácticum para o solicitante.

Legitimación: Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de universidades.

Cesións: Non se prevén cesións.

Dereitos: As persoas interesadas poderán exercer os seguintes dereitos: Acceso, rectificación, supresión, limitación do tratamento, oposición e, no seu caso, portabilidade dos datos.

Procedencia da información: Da propia persoa interesada.

Información adicional: <https://www.uvigo.gal/proteccion-datos>

---

## ANEXO XII.

### CERTIFICADO DE AUSENCIA DE DELITOS DE NATUREZA SEXUAL<sup>2</sup>

---

#### Que é

É un certificado que permite acreditar a carencia de delitos de natureza sexual ou, no seu caso, a lexislación dos mesmos.

A Lei Orgánica 1/1996, de Protección Xurídica do Menor, modificada pola Lei 26/2015 e a Lei 45/2015, de voluntariado establecen a obriga de que se acheguen certificados negativos do Rexistro Central de Delinquentes Sexuais para todos os profesionais e voluntarios que traballan en contacto habitual con menores.

O certificado de Delitos de Natureza Sexual expídese en cumprimento da normativa española e é válido unicamente en España, polo tanto, non se apostila nin legaliza. Se desexas un certificado para poder traballar con menores noutro país deberase solicitar un certificado de Antecedentes Penais e apostilalo ou legalizalo segundo o país onde deba ter efectos legais.

#### Quen pode solicitalo/presentalo

Calquera persoa física maior de idade.

Este certificado é **gratuíto**.

#### Procedemento

A solicitude e entrega dos certificados farase preferentemente por medios electrónicos.

Como solicitalo/presentalo. Por internet

---

<sup>2</sup> Para ver máis información, consultar <http://www.mjusticia.gob.es/cs/Satellite/Portal/es/ciudadanos/tramites-gestion-personales/certificado-delitos>.

---

## ANEXO XIII

### COMPROMISO DE CONFIDENCIALIDADE DE DATOS

---

Don/Dona....., con DNI ....., correo electrónico .....e número de teléfono....., estudante da materia de Prácticum na Facultade de Educación e Traballo Social do Campus de Ourense (Universidade de Vigo), no centro de Prácticas....., da provincia de ....., consciente da importancia do labor profesional que se desenvolve no devandito centro, da información sobre as persoas que se manexa neste e da documentación á que se terá acceso, **COMPROMÉTOME a**

- **respectar o anonimato sobre as informacións de carácter persoal e documental durante a estancia no centro e tras a finalización desta;**
- **empregalas soamente para traballos académicos que se deriven do Prácticum.**

Para que así conste aos efectos oportunos, asino en ....., a..... de..... de 20....

Asdo.:

**\*\* Cada alumno/a asinará dous exemplares deste compromiso: un para entregar no centro no que se realizan as prácticas e outro para incluír na memoria de prácticas**

## ANEXO XIV. CALENDARIO DE DESENVOLVEMENTO DO PRÁCTICUM

Facultade de Educación  
e Traballo Social

Universidade de Vigo

# CALENDARIO PRÁCTICUM

## GRAO EDUCACIÓN INFANTIL

## GRAO EDUCACIÓN PRIMARIA

DATAS	Procedemento	Lugar
Setembro 2023	Cubrir <i>ANEXO I: CONDICIÓNS DA PRÁCTICA ACADÉMICA EXTERNA</i> , o <i>ANEXO II: DECLARACIÓN RESPONSABLE ENTIDADE COLABORADORA NO PROGRAMA DE PRÁCTICAS EXTERNAS DA UNIVERSIDADE DE VIGO</i> , e o <i>ANEXO III: COMPROMISO DO ESTUDANTE EN PRÁCTICAS</i> e asinar no centro educativo Entregar <i>Anexos I, II e III</i>	Formularios Secretaría Virtual  Moovi
	Listaxe provisoria de asignación de centros de Prácticum Asignación de titores/as académicos	Moovi
	Subsanación de erros Reunión Xeral: Presentación do Prácticum	Coordinación do Prácticum Aula Emilia Pardo Bazán Ver en Moovi “aulas titorización practicum”
	Reunión inicial cos titores/as académicos	
	Listaxe definitiva de asignación de centros de Prácticum e titores/as académicos	Moovi
	Segunda semana	Comezo do Prácticum nos colexios
Antes do fin de setembro	Entrega do certificado de ausencia de delitos sexuais ( <i>Anexo XII</i> ), e o compromiso de confidencialidade ( <i>Anexo XIII</i> )	Moovi
Segundo calendario	Asistencia e participación ás sesións de titorización na Facultade	Aulas sinaladas na web e Moovi
Febreiro 2024	Remate do Prácticum nos colexios Cubrir <i>AnexoVI_informe_final_estudiante</i> e <i>AnexoX_certificado_practicas_estudiante</i> Entregar <i>Anexo VI</i> e <i>AnexoX</i>	Secretaría Virtual  Moovi
	Marzo 2024	Último venres do mes Entrega da memoria de Prácticum, 1ª convocatoria Entrega <i>AnexoIV_informe_final_titorizacion_entidade</i>
Maio 2024	Segundo martes do mes Entrega do <i>AnexoV_informe-final_titorizacion_universidade</i>	Titor/a académico na Secretaría Virtual

	Segundo venres do mes	Reunión da Comisión de Prácticum para a avaliación (1ª conv.)	Facultade
	Terceiro martes do mes	Revisión de cualificacións do Prácticum (1ª conv.)	Titor/a e/ou coordinadora
<b>Xuño 2024</b>	Segundo martes do mes	Entrega da memoria de Prácticum, 2ª convocatoria Cubrir <i>AnexoVI_informe_final_estudiante</i> e <i>AnexoX_certificado_practicadas_estudiante</i>	Moovi e titor/a Secretaría Virtual
		Entregar <i>Anexo VI</i> e <i>AnexoX</i>	Moovi
	Último martes do mes	Entrega do <i>AnexoV_informe-final_titorizacion_universidade</i>	Titor/a académico na Secretaría Virtual
	Último venres do mes	Reunión da Comisión de Prácticum para a avaliación (2ª conv.)	Facultade
<b>Xullo 2024</b>	Primeiro martes do mes	Revisión de cualificacións do Prácticum (2ª conv.)	Titor/a e/ou coordinadora

## ANEXO XV. CALENDARIO DE TUTORIZACIÓNS, ASISTENCIA E PARTICIPACIÓN

O calendario de tutorizacións, preferentemente, atenderá á seguinte distribución:

- Xuntanza inicial: antes do 10 de setembro.
- Primeira sesión de tutoría: nas 3 primeiras semanas do mes de outubro
- Segunda sesión de tutoría: entre a última quincena de novembro e a primeira de decembro
- Terceira de tutoría: no mes de xaneiro
- Cuarta sesión de tutoría: no mes de febreiro

**OBXECTO DA REUNIÓN:** SESIÓN DE TUTORIZACIÓN DO PRÁCTICUM

**ALUMNADO ASISTENTE**

DNI	Apelidos e Nome	Sesión 1 Data	Sesión 2 Data	Sesión 3 Data	Sesión 4 Data



## ANEXO XVI. ORIENTACIÓNS PARA A REALIZACIÓN DA MEMORIA DE PRÁCTICAS<sup>3</sup>

A memoria de Prácticas é un documento de carácter reflexivo sobre a experiencia nos centros de prácticas, polo que en cada un dos seus apartados debe primar esta perspectiva sobre a descritiva. A súa estrutura responderá aos seguintes apartados:

### Portada

Incluirá: logotipo da Universidade, Facultade e Campus; Nome da Titulación; Nome e apelidos do alumno-a; Curso académico correspondente.

Na páxina seguinte incluírase copia asinada do Compromiso de confidencialidade (Anexo XIII).

### ÍNDICE

Índice de contidos, táboas e figuras debidamente paxinado. O contido fundamental que debe posuír é:

#### INTRODUCCIÓN

##### 1. CONTEXTUALIZACIÓN E ANÁLISE

- 1.1. Do centro
- 1.2. Da aula
- 1.3. Do grupo clase
- 1.4. Dun caso de interese educativo

##### 2. INTERVENCIÓN (no caso das mencións intégranse aquí)

- 2.1. Actividades nas que se participa
- 2.2. Deseño propio da intervención
- 2.3. Implementación e resultados da intervención

##### 3. REFLEXIÓN E VALORACIÓN DO PRÁCTICUM

##### 4. REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS E NORMATIVAS

#### ANEXOS

### INTRODUCCIÓN

Debe incluír a presentación e organización da memoria do Prácticum.

<sup>3</sup> Documento elaborado a partir de Pérez, M.P. (2011). "¿Qué podemos hacer durante los interminables seminarios? Una experiencia de supervisión en el Practicum de Educación Infantil" (pp. 1369-1375). En Raposo, M.; Martínez, M.E.; Muñoz, P.; Pérez, A.; y Otero, J.C. (coord.). *Evaluación y supervisión del practicum. El compromiso con la calidad de las prácticas*. Santiago de Compostela: Andavira.

## 1. CONTEXTUALIZACIÓN E ANÁLISE DO PRÁCTICUM

### 1.1. O centro

Recoller unha breve síntese da situación xeográfica, socioeconómica e cultural do Centro. Recoñecer, analizar e reflexionar sobre:

- A estrutura organizativa: órganos colexiados, órganos unipersoais, comisións...
- Proxecto educativo, as Normas de Organización e Funcionamento (NOF) e, de selo caso, o Regulamento de Réxime Interno, proxectos de Centro (Plan Xeral Anual e Memoria Anual do curso pasado, plans específicos como o proxecto lingüístico de centro, plan de acción tutorial, plan de atención á diversidade, plan lector, plan de integración das TIC, plan de convivencia, plan de acollida...), así como programacións das materias...
- As colaboracións do centro con outras institucións ou colectivos (outros centros da contorna, concello, asociacións...).
- As Asociacións de Nais e Pais (ANPAs), así como as relacións coa Administración (inspección educativa) e entre a comunidade (inmigrantes, etnias, igualdade de xénero, minorías lingüísticas...).
- As fortalezas e debilidades que se desprenden dos datos recollidos.

### 1.2. A organización espacial, temporal e material da aula e espazos adxacentes

Facer referencia aos **espazos de acción** na aula e fóra dela. Por exemplo cunha descrición exhaustiva da aula base, situando nun plano o mobiliario, os materiais didácticos, os recantos etc... Tamén se pode debuxar a aula, tanto o seu interior coma o seu exterior; especificar os recantos que posúe; exemplificar as actividades que se desenvolven en cada espazo.

Algunhas cuestións sobre as que **reflexionar**:

- Axústanse os espazos ás actividades ou ao revés?
- Que actividades farías neses espazos?
- Contrasta cos espazos que a bibliografía aconsella que debería ter a aula, atendendo ao criterio idade; argumenta as diferenzas que existan; aporta o teu propio deseño de aula base.
- Como decorarías e distribuirías a túa clase o día que traballes nun centro destas características? Para iso, deberás situarte nun curso concreto.

Sobre os espazos existentes **fóra da aula**, pode reflexionarse sobre:

- Como se utiliza o espazo exterior? Utilízase no recreo? Utilízase fóra do tempo de recreo? Con que tipo de actividade?
- Hai patios diferenciados por idades?
- Que observas no recreo? A que se xoga? Atopas diferenzas entre nenos e nenas? (no tipo de xogos, en como se xestiona o espazo etc.).

**Consultas:**

Bermejo, A.; Gómez, A.; Ocaña, A.; Sánchez, R. (2010). Análisis de la organización del aula en distintos niveles educativos: estudio de caso. *Revista Iberoamericana de Estudos em Educação*, 5 (2), 135-153. <http://seer.fclar.unesp.br/iberoamericana/article/download/3478/3250>

De Pablo, P. y Trueba, B. (1994). *Espacios y recursos para ti, para mí, para todos*. Madrid: Editorial Escuela Española, pp.105-127 e 59-74.

Iglesias Forneiro, M.L. (2008). Observación y evaluación del ambiente de aprendizaje en Educación Infantil: dimensiones y variables a considerar. *Revista Iberoamericana de Educación*, 47, 49-70. <https://rieoei.org/historico/documentos/rie47a03.pdf>

Lorenzo, M. (2011). *Organización de centros educativos. Modelos emergentes*. Madrid: La Muralla.

Vázquez, A. (2004). *Organización del aula en Educación Infantil*. Vigo: Ideas previas, pp. 19-49

El espacio en Educación Infantil: <http://educar.unileon.es/Antigua/practicu/Espacio.htm>

<http://es.slideshare.net/guestb07b36/organizacion-del-aula-de-primaria>

### 1.3. O grupo clase

Neste apartado pódese describir, desde un punto de vista evolutivo, o desenvolvemento cognitivo, motor, lingüístico, afectivo e social dos escolares da aula, seguindo distintas escalas. Deben identificarse os trazos evolutivos dos nenos/as e ser capaz de facer unha valoración no conxunto do desenvolvemento evolutivo da clase na que se realiza o Prácticum.

Pódese seguir unha listaxe de control que especifique cada un dos 'desenvolvementos', para caracterizar a aula desde o punto de vista evolutivo, destacando se se observan algunhas necesidades específicas de apoio educativo.

No caso de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, describíranse as principais características, potencialidades, necesidades e a actuación educativa seguida co alumno/a: medidas de atención á diversidade, tanto a nivel organizativo, curricular e didáctico, segundo o regulado na Orde de 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011 de Atención á Diversidade.

#### 1.3.1. Observación e descrición de situación ou caso con interese educativo

A través da observación global do grupo clase pódense identificar diferentes situacións, particularidades, actuacións ou casos de interese educativo sobre os que centrar a atención, facer unha análise reflexiva e propoñer melloras, alternativas, mudanzas, xeneralizacións,.... Para iso podes seguir a seguinte secuencia:

- Narra de xeito exhaustivo durante un intervalo de tempo suficiente (un día de prácticas, varias sesións en diferentes días,...) o que sucede co grupo aula. Por exemplo, nunha situación de clase recolleríanse as interaccións entre persoas e as interaccións co entorno.
- Identifica que chamou a túa atención. Por que escolles esa situación ou caso?
- Observa e rexistra a situación ou caso de xeito sistemático apoiándote nalgún instrumento ou técnica (registro, rúbrica, escala,...)
- Analiza, a partir de fontes documentais de referencia, e reflexiona sobre a información recadada para realizar unha proposta, alternativa, mudanza, xeneralización,...., axeitada.

#### Consultas:

Decreto 229/2011, de 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten ensinanzas establecidas na Lei

Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación. (DOG do 21-12-2011)  
[http://www.xunta.es/dog/Publicados/2011/20111221/AnuncioC3F1-151211-9847\\_es.html](http://www.xunta.es/dog/Publicados/2011/20111221/AnuncioC3F1-151211-9847_es.html)

ORDEN de 8 de setembro de 2021 por a que se desenvolve o Decreto 229/2011, de 7 de decembro, por el que se regula a atención a la diversidade do alumnado de los centros docentes de la Comunidad Autónoma de Galicia en los que se imparten las enseñanzas establecidas en la Ley orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación (DOG do 26-10-2021). <http://www.edu.xunta.gal/portal/es/node/35377>

RESOLUCIÓN do 6 de xuño de 2023, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2023/24. [https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2023/20230619/AnuncioG0655-080623-0002\\_gl.html](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2023/20230619/AnuncioG0655-080623-0002_gl.html)

Reis, P. (2011). *Observação de aulas e avaliação do desempenho docente*. Lisboa: Ministerio de Educação. <https://repositorio.ul.pt/bitstream/10451/4708/1/Observacao-de-aulas-e-avaliacao-do-desempenho-docente.pdf>

#### 1.4. Os procesos de ensino-aprendizaxe

Pódese incluír a análise da **programación de aula** ou **situacións de aprendizaxe**: os seus elementos (xustificación, contextualización, temporalización, competencias, obxectivos, contidos, metodoloxía, plans e proxectos, TIC e Lector, entre outros; recursos humanos e materiais, atención á diversidade, espazos, agrupación e avaliación), as rutinas diarias e con especial atención á temporalización e aos recursos. Tomar conciencia da relación entre atención do neno/a-complexidade/necesidade da actividade-tempo programado. Interesa que se indague sobre preguntas como:

- Como se realiza a programación?
- Os recursos son de elaboración propia por parte do docente, son de editoriais (cales?), a súa dispoñibilidade, se son prácticos, se son custosos, se son pertinentes...
- Cales son as editoriais que manexa o profesorado da aula?
- Como se propón facer unha unidade didáctica? Desde onde parte? (Desde e seu coñecemento, desde os libros guía das editoriais, desde os Decretos de currículo, desde a súa experiencia, desde a cooperación con outros colegas?).

#### Consultas:

Imbernón, F. (2003). La programación de aula. En J.L. Gallego y E. Fernández de Haro (dirs). *Enciclopedia de Educación Infantil*, vol I (pp. 625-646). Málaga: Aljibe.

Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. DOG do 26/09/2022 [https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20220926/AnuncioG0655-190922-0001\\_es.html](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20220926/AnuncioG0655-190922-0001_es.html)

Decreto 150/2022, do 8 de setembro polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia. DOG do 09/09/2022 [https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/anunciog0655-080922-3\\_es.pdf](https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/anunciog0655-080922-3_es.pdf)

Decreto 229/2011, de 7 de decembro polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación. [http://www.xunta.es/dog/Publicados/2011/20111221/AnuncioC3F1-151211-9847\\_es.html](http://www.xunta.es/dog/Publicados/2011/20111221/AnuncioC3F1-151211-9847_es.html)

Ley Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, por a que se modifica la Ley Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación. <https://www.boe.es/eli/es/lo/2020/12/29/3/dof/spa/pdf>

ORDEN de 25 de xaneiro de 2022 por a que se actualiza la normativa de evaluación en las enseñanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria y de bachillerato en el sistema educativo

de Galicia. DOG do 11/02/2022

[https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20220211/AnuncioG0598-260122-0001\\_es.html](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20220211/AnuncioG0598-260122-0001_es.html)

ORDEN de 26 de mayo de 2023 por la que se desarrolla el Decreto 155/2022, de 15 de septiembre, por el que se establecen la ordenación y el currículo de la educación primaria en la Comunidad Autónoma de Galicia y se regula la evaluación en esa etapa educativa. DOG do 13/06/2023.

[https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/anunciog0655-290523-0002\\_es.pdf](https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/anunciog0655-290523-0002_es.pdf)

REAL DECRETO 1513/2006, de 7 de decembro, polo que se establecen as ensinanzas mínimas da Educación Primaria. <http://www.boe.es/boe/dias/2006/12/08/pdfs/A43053-43102.pdf>

REAL DECRETO 1630/2006, de 29 de decembro, polo que se establecen as ensinanzas mínimas da Educación Infantil. <https://www.boe.es/boe/dias/2007/01/04/pdfs/A00474-00482.pdf>

Shores, E.F. e Grace, C. (2004). *El portafolio paso a paso. Infantil y Primaria*. Barcelona: Graó, pp. 90-103.

### Webgrafía:

<https://www.edu.xunta.es/espazoAbalar/es/espazos/recursos>

<https://procomun.educalab.es/>

<http://www.educarm.es/udicom/indexb.htm>

#### 1.4.1. Modos de actuación docente

Analizaranse os modos de ensinanza que emprega o titor/a no seu labor diario, para iso podes centrarte en analizar:

- Os principios de aprendizaxe (globalización, individualización, socialización e actividade).
- As estratexias metodolóxicas de cada área establecidas no Decreto 130 de Educación Primaria, baseadas en proxectos, secuencias didácticas e na aprendizaxe cooperativa.
- Os principios da ensinanza activa.
- Os estilos de ensinanza-aprendizaxe (implicación persoal-implicación tarefa; serialista-holista; control externo-interno; próximo dispoñible-distante inaccesible; diverxente-converxente)
- Os métodos de ensinanza (tradicional, de discusión, de indagación, de estudo independente, socializados, individualizados).
- As estratexias didácticas que emprega o titor/a (referidas ao profesor/a, alumno/a, contido e contexto).

#### 1.4.2. Avaliación do proceso de ensinanza-aprendizaxe

Descríbese como se fai a **avaliación** dos estudantes, se se avalía o propio profesorado, se se avalía o centro e se se avalían as unidades didácticas que se levan a cabo.

- Informárase do tipo de avaliación (inicial, continua, final), carácter (diagnóstico, formativo, sumativo) e instrumentos de observación (anecdótico, lista control, escalas estimación), de intercambio oral (entrevista), gravacións (audio e vídeo), mapas conceptuais, portafolios etc.
- Pódese reflexionar sobre experiencias e o posicionamento sobre a avaliación (a súa dificultade, precisión, subxectividade e criterios); sobre a posta en práctica das situacións de aprendizaxe ou a implementación do Deseño Universal de Aprendizaxe (DUA).

### Consultas:

- Blázquez, F. y Lucero, M. (2002). Modelos y técnicas de evaluación didáctica. En A. Medina y F. Salvador (dirs). *Didáctica General* (pp. 327-352). Madrid: Prentice Hall
- Bordás, I. (2001). La evaluación educativa: evaluar el proceso de enseñanza/aprendizaje. En F. Sepúlveda y N. Rajadell (coords). *Didáctica general para Psicopedagogos* (pp. 393-425) Madrid: UNED.

## 2. INTERVENCIÓN NO PRÁCTICUM

---

### 2.1 Descripción das actividades nas que se participa

---

Sinalar en que actividades se participou (clases, tutorías, recreos, comedor, festividades, eventos...; se se asistiu a reunións (coas familias, de avaliación, ciclo etc.), se se avaliou aos estudantes...

### 2.2 Deseño propio de actividades, materiais ou recursos

---

Describir as actividades deseñadas, así como o procedemento levado a cabo para o seu deseño. Os materiais e recursos empregados. Contextualización, temporalización e avaliación das mesmas. É desexable un tratamento globalizado das propostas.

No caso das mencións de Linguas Estranxeiras e Educación Especial deberanse integrar situacións de aprendizaxe nas que se exemplifiquen as competencias da mención. O alumnado de Afondamento Curricular realizará a proposta interdisciplinarmente.

### 2.3. Implementación e resultados da intervención

---

Explicitar se se puxo en práctica a actividade(s). Explicar que dificultades, que sensacións se experimentaron, que deficiencias formativas se detectaron, posibles melloras...

- Despois do presentado na clase, que é o que che quedou claro?
- Que dificultades atopaches na túa actuación? que cambiarías se a volveras facer?
- Que ideas necesitas clarificar despois da sesión? Sobre que aspectos che gustaría saber máis?
- Como participaches na sesión?
- Estás satisfeito/a da sesión? porqué?

## 3. REFLEXIÓN E VALORACIÓN DO PRÁCTICUM

---

Neste apartado trátase de reflexionar, de modo global, sobre aspectos tanto positivos coma negativos, das experiencias vividas; analizar a contribución do período de prácticas á túa formación como futuro/a docente; establecer a conexión entre os coñecementos teóricos e a aplicación práctica á realidade escolar...

Pódese empregar un **diario** da estancia no centro para sinalar todo o que desexes resaltar, a través das seguintes cuestións:

- Que aprendizaches durante a túa estancia no centro educativo? Como o aprendizaches?
- Que sentimentos che espertou o proceso de ensinanza e aprendizaxe, o actuar como docente, a túa vocación como futuro/a docente...?
- Que che gustou, desgustou,...; que agardabas do Prácticum e en que acabou en realidade...? en que medida se conseguiron os obxectivos propostos e cumprido as expectativas iniciais?
- Sobre a formación recibida na Facultade en relación ao que vivenciaches no Prácticum, que foi o que máis che serviu, que botaches en falta...?
- Propostas educativas para a mellora da calidade da ensinanza en Educación Infantil / Primaria e/ou Universidade.

#### Consultas:

[Guía docente practicum do Grao de Educación Primaria](#)

[Guía docente practicum do Grao de Educación Infantil](#)

Domingo, A.; Gómez, M.V. (2014). La Práctica reflexiva: Bases, modelos e instrumentos. Madrid: Narcea  
[https://dfa.edomex.gob.mx/sites/dfa.edomex.gob.mx/files/files/practica%20reflexiva,%20La%20-%20Domingo%20Roget,%20Angels%20subrayado\(Autosaved\).pdf](https://dfa.edomex.gob.mx/sites/dfa.edomex.gob.mx/files/files/practica%20reflexiva,%20La%20-%20Domingo%20Roget,%20Angels%20subrayado(Autosaved).pdf)

Domingo, J. e Fernández, M. (1999). *Técnicas para el desarrollo personal y formación del profesorado*. Bilbao: Universidad de Deusto.

#### 4. REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS E NORMATIVAS

Rexistraranse todas referencias bibliográficas e normativas consultadas: artigos, libros, actas de congresos, direccións de Internet, vídeos.... Deben referenciarse de acordo ás normas da APA, tanto dentro do texto da Memoria, coma no seu apartado correspondente.

#### Consultas:

<http://www.apastyle.org>

#### ASPECTOS FORMAIS

As **características formais da memoria de prácticas** son as seguintes:

- máximo 30 páxinas;
- espazo interlineal 1,5;
- marxes superior, inferior, interior e exterior de 2 cm;
- fonte 12 (Calibri, Times New Roman ou similar);
- para os títulos principais empregar maiúscula e negriña, para os de 1º nivel en minúscula e negriña, para os de 2º nivel en minúscula, cursiva e sen negriña.

A memoria final de prácticas entrégase a través de MOOVI nas datas que se marcan no calendario do Prácticum correspondente ao curso académico. Ver web da Facultade (<http://fcce.uvigo.es/gl/docencia/practicas-externas/>).